

Achégase copia debidamente compulsada da dita acta, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

O interesado é o seguinte:

NOTIFICACIÓN	NOME	ULTIMO DOMICILIO	CIDADE
10130-2013	BEGOÑA MARQUEZ GONZALEZ	CALLE BIARRITZ, 31-6ºD	28028 MADRID

Vigo, 6 de agosto de 2013. — A Vicepresidenta da XMU (Resolución do 08.02.2013), María del Carmen Silva Rego. **2013007514**

* * *

BAIONA

EDICTO

Aprobado por este Concello, na súa sesión de pleno de data 24/7/2013 a estimación das reclamacións presentadas ó Inventario de caminos e vías respecto o trazado dos caminos/vías que a continuación se relacionan e que suponen unha modificación do Inventario:

- Rectificación del camino Cancelo del Inventario de Caminos- nºorden 81, epígrafe 1-grupo C.
- Rectificación del camino San Antón del Inventario de Caminos- nºorden 72, epígrafe 1-grupo

Polo exposto e consonte o artigo 86 da Lei 30/92, do 26 de novembro, sométese o dito expediente ó trámite de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do anuncio no BOP ós efectos de que os interesados/as poidan examinar o expediente na Secretaría Xeral do Concello e presentar, no seu caso, as alegacións que consideren convintes

Baiona, 24 de xullo de 2013. — O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña.

2013007565

* * *

O GROVE

ANUNCIO

O Pleno municipal en sesión do 30 de xullo de 2013 aprobou definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e outro mobiliario e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E OUTRO MOBILIARIO

TÍTULO PRELIMINAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello do Grove precisa dispor dunha ordenanza, reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outro mobiliario, coa finalidade de establecer a regulación das autorizacións municipais para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería.

Nos últimos anos a ocupación de espazo público con terrazas aumentou considerablemente. Esta situación fai necesaria a redacción dunha ordenanza capaz de regular as autorizacións de instalación de terrazas co fin de facer compatible a utilización do espazo público para o gozo dos usuarios da vía coa ocupación desta por parte dos titulares dos establecementos. Tómanse así medidas tendentes a buscar un equilibrio e unha distribución equitativa e razoable do dominio público.

Con esta ordenanza trátase tamén de acadar unha uniformidade nos materiais empregados para todo o mobiliario que se empregará polos establecementos que soliciten a instalación dunha terraza no termo municipal do Grove.

TITULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. OBXECTO

1. O obxecto deste ordenanza é a regulación das autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería no termo municipal do Grove.

2. Exclúense da aplicación desta ordenanza os actos de ocupación da vía pública con actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares.

3. Non son obxecto desta ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta ordenanza aplicarase ás terrazas compostas por mesas (sexan comúns ou pregables), cadeiras, parasoles, macetas, biombos, barrís ou calquera outro elemento que faga os mesmos fins. Trátase de mobiliario urbano móbil e desmontable anexo aos establecementos de hostalería no termo municipal do Concello do Grove.

ARTIGO 3. DEFINICIÓNS

1. Enténdese por terraza, para os efectos desta ordenanza, aquela zona de terreo de uso público susceptible de aproveitamento relacionado con actividades propias da hostalería. Supón a colocación de mesas e outros aparellos colocados na liña de fachada ou fronte ao establecemento, ou calquera outra zona que os técnicos municipais determinen como zona de extensión ou ampliación da actividade que se exerce dentro do dito establecemento.

2. Prohíbese a colocación nas terrazas de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos, carriños de xeados, máquinas expendedoras de bebidas ou calquera outro elemento anexo a este tipo de establecementos.

3. Poderase autorizar a colocación de macetas ou biombos para delimitar a zona, debendo especificarse os que se pretenden instalar no plano que se achegue xunto coa solicitude, así como o tipo ou modelo utilizado. Non poderán exceder os límites da autorización.

TÍTULO II - RÉXIME XURÍDICO

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 4. AUTORIZACIÓNS

1. As autorizacións que se concedan supoñen un aproveitamento privativo e especial do dominio público municipal. Por ese motivo entenderanse outorgadas a título de precario e quedarán sen efecto cando, a xuízo da autoridade municipal, concorran razóns de interese público, sen que teña cabida dereito a indemnización.

2. O petionario da autorización non posúe un dereito preexistente á súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación da vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes autorizan o interesado para instalar a terraza.

3. A competencia para a concesión de autorización de ocupación con terrazas e estruturas auxiliares correspóndelle ao alcalde, logo dos informes dos servizos técnicos municipais, e esta autorización deberá axustarse ao disposto nesta ordenanza.

4. A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización, ou sen axustarse ás condicións da autorización concedida, dará lugar á inmediata orde de retirada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer e subsidiariamente retirada polo Concello, a costa da persoa interesada.

5. A autorización para a instalación da terraza dará dereito a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente autorización de apertura do establecemento, coas limitacións que, en materia de consumo, prevención de alcoholismo, emisión de ruídos etc., se establecen nas ordenanzas municipais e lexislación sectorial aplicable.

6. A autorización expedida polo Concello deberá mostrárselle á autoridade municipal cantas veces sexa requirida.

ARTIGO 5. RENOVACIÓN

A validez da autorización corresponde co ano natural. O feito de ter sido titular dunha autorización en períodos anteriores non xera para o interesado dereito ningún en posteriores peticións nin vincula en canto ao número de elementos autorizados.

ARTIGO 6. TITULARIDADE DAS AUTORIZACIÓNS

1. Poderán solicitar a autorización os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulen, ou pola persoa que legalmente a represente.

2. Para efectos do disposto no apartado anterior, terase en consideración a titularidade e a actividade que consten na autorización de apertura.

ARTIGO 7. TRANSMISIBILIDADE

As autorizacións serán transmisibles conxuntamente coa do establecemento sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia, por escrito, ao Concello.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO, DETERMINACIÓN DA SUPERFICIE PARA OCUPAR E OBRIGA DE RESOLVER

ARTIGO 8. UNIDADES DE SUPERFICIE

1. A autorización non se concederá por mesas, senón por unidades de superficie, medidas en metros cadrados.

2. Con carácter excepcional, e en circunstancias puntuais, despois dun acordo entre a persoa solicitante e o Concello, poderanse conceder outras distribucións, sempre e cando non lles afecte aos metros totais autorizados.

ARTIGO 9. SOLICITUDE

1. O procedemento comezará coa solicitude do interesado, na que ademais dos datos esixidos no artigo 70.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faranse constar os seguintes extremos:

- a) Nome ou razón social e enderezo do local do establecemento hostaleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.
- b) Declaración sobre autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e, se aínda non se conta con ela, indicación da data en que se solicitou.
- c) Extensión da superficie da terraza en metros cadrados.
- d) Número de unidades de mobiliario así como, se é o caso, dos demais elementos de separación e outros que se pretenden instalar.
- e) Sinalamento dos días para os que se solicita a autorización para a instalación da terraza.

2. A solicitude debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Fotografía da fachada do local e do espazo exterior onde se pretende situar a terraza.
- b) Plano acoutado da superficie que se pretende ocupar pola terraza a escala 1:100, no que se reflectirá a situación do local do que depende, a dos elementos que comporán a terraza, os espazos libres, ancho da beirarrúa ou do espazo de que se trate, franxas de itinerario peonil, distancias ás fachadas e bordos, elementos urbanos que existan na zona (árbores, papeleiras, farois...) e demais aspectos relevantes para comprobar a adecuación ás previsións desta ordenanza.
- c) Fotografías ou planos dos elementos que se pretendan instalar.
- d) Calendario anual no que se sinalen os días de ocupación da terraza solicitada.

- e) Proxecto da publicidade para inserir no mobiliario da terraza. Deberá ser sempre acorde coa imaxe, ornamento e estética que se contempla nesta ordenanza.
- f) Xustificante de pagamento do recibo por instalación de terraza do ano anterior.

**Ver anexo II.*

ARTIGO 10. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO

1. O procedemento será tramitado pola Oficina Técnica Municipal.

2. Deberase comprobar a veracidade dos datos reflectidos na solicitude. Tamén a adecuación da terraza aos intereses xerais, á presente ordenanza e ao resto do ordenamento xurídico. Como regra xeral, incorporará un informe técnico do departamento de Urbanismo e do servizo da Policía Local. Poderánselles solicitar outros informes aos servizos administrativos, cando for axeitado.

3. Finalmente, elevarase ao alcalde a proposta de resolución, que sinalará todas as limitacións ás que se verá suxeita a autorización.

ARTIGO 11. RESOLUCIÓN

1. Resolverá o alcalde.

2. As resolucións, especialmente as denegatorias e as que introduzan limitacións ou as que se afasten do solicitado, haberán de ser motivadas.

3. A notificación da resolución que autorice a instalación da terraza deberá estar dispoñible no establecemento segundo o disposto no artigo 4.6.

4. Sen prexuízo da obriga de resolver, a non contestación da petición no prazo de tres meses considerarase desestimada de forma tácita para os efectos da interposición dos correspondentes recursos.

ARTIGO 12. EXTINCIÓN, MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

1. O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización dará lugar, con independencia das sancións que puidesen proceder, á súa revogación.

Consideraranse incumprimentos graves aqueles en que o titular se exceda do autorizado en canto ao espazo ocupado pola terraza, aos elementos que a compoñen ou ao horario; ou realicen actividades non permitidas e estea causando con iso perturbacións efectivas aos intereses xerais protexidos por esta ordenanza.

2. As autorizacións poderán ser revogadas, de maneira motivada, en calquera momento por razóns de interese xeral.

3. A Administración poderá, nas mesmas condicións que no apartado anterior, modificar as autorizacións en canto á súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto.

4. Quedará automaticamente suspendida a eficacia da autorización pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos públicos ou outras actividades autorizadas pola Administración, sempre que requiran ineludiblemente libre o espazo ocupado polas terrazas. Nestes casos non haberá dereito á devolución de taxas cando non se supere os tres días de duración do evento.

5. A extinción ou suspensión da autorización de apertura ou o peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se debe atender a terraza determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización da terraza.

6. Extinguida a autorización por calquera causa, o titular desta quedará obrigado a retirar todos os seus elementos e a non volver a instalalos.

TÍTULO III - CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS**CAPÍTULO I. SITUACIÓN***ARTIGO 13. LIMITACIÓN XERAIS*

Unha vez instalada a terraza, deberá deixarse un espazo mínimo libre de obstáculos do 50 por cento da súa anchura nas rúas peonís e de 1,20 m. en tódolos casos.

ARTIGO 14. CONDICIÓN XERAIS DE SITUACIÓN

1. A colocación de mesas e cadeiras, parasoles, mamparas (pranchas móbiles para illar ou separar un espazo) e, de ser o caso, macetas ou biombos ou outro mobiliario nas vías públicas non suporá en ningún caso obstáculo para o tránsito peonil nin poderá prexudicar a seguridade deste, do tráfico rodado ou limitar o uso do mobiliario urbano.

2. A autoridade municipal competente denegará a solicitude destas instalacións en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoña un prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade, distracción para o condutor etc.).
- Que se pretendan instalar en zonas de carga e descarga.
- Que se pretendan situar en pasos peonís.
- Que se pretendan instalar en rúas, aparcadoiros ou outras zonas non permitidas.

3. Deberán, en todo caso, deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se for preciso polos servizos públicos correspondentes:

- as entradas a galerías visitables
- as bocas de rega
- os hidrantes.
- os rexistros das redes de subministración
- as saídas de emerxencia
- as paradas de transporte público
- os aparellos de rexistro e control de tráfico
- os respiradoiros dos aparcadoiros subterráneos
- os accesos a parques e xardíns
- os elementos de mobiliario urbano de uso común

4. Quedarán sempre libres as entradas ás vivendas e vaos permanentes.

ARTIGO 15. HORARIO DE FUNCIONAMENTO

1. En relación co horario de funcionamento, estarase ao disposto na normativa vixente ditada pola autoridade autonómica competente.

2. Finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía ou espazo público e depositarse no local privado e pechado para o efecto, coa salvidade prevista no artigo 21.

ARTIGO 16. CONCORRENCIA

1. No suposto en que varios establecementos soliciten ocupar un mesmo espazo, o Concello delimitará o seu espazo en cuestión, que poderá referirse ao total da vía pública ou a parte desta, e adxudicará o espazo para ocupar en función dos criterios establecidos no apartado 2 do presente artigo. No suposto de que se produzan novas solicitudes con posterioridade a este reparto, poderá dar lugar á modificación das terrazas xa autorizadas.

2. Criterios de valoración. Ata 15 puntos:

- Antigüidade da terraza (tendo en conta que no primeiro ano de vixencia da presente ordenanza todos contarán con 0 puntos): 1 punto por ano de antigüidade, ata un máximo de 5 puntos.
- Lonxitude da fachada do establecemento en metros. 1 punto por cada metro, ata un máximo de 10 puntos.

ARTIGO 17. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A persoa titular do establecemento deberá dispor dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que se estenderá aos posibles riscos que se deriven do funcionamento da terraza.

ARTIGO 18. LIMPEZA, HIXIENE E ORNATO

Os titulares das terrazas teñen a obriga de manter o mobiliario e a zona que ocupa a terraza nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. Un informe que indique o non cumprimento deste requisito será suficiente para retirar a autorización correspondente.

CAPÍTULO II. - MOBILIARIO
SECCIÓN 1ª. NORMAS COMÚNS

ARTIGO 19. ANCORAXE

Non se permitirá a ancoraxe de ningún dos elementos da terraza ao pavimento (mesas, cadeiras, parasoles ou outro mobiliario) a excepción das mamparas (pranchas móbiles para illar ou separar un espazo).

ARTIGO 20. PUBLICIDADE.

Os elementos das terrazas non poderán levar publicidade, salvo a do logotipo do Concello do Grove (*establecerase no Anexo I desta ordenanza) e/ou a do establecemento ao que corresponde a terraza.

ARTIGO 21. RETIRADA DE MOBILIARIO

O mobiliario retirarse a diario, ao rematar a xornada laboral, e depositarse nun local privado e pechado para o efecto, agás no período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de outubro. Neste período poderase deixar ben recollido e asegurado nun espazo público.

Durante a Semana Santa, pontes festivas ou determinadas fins de semana, poderá autorizarse esta non retirada do material, pero farase expresamente, a través da solicitude da persoa titular do establecemento.

Será obrigatoria a retirada do mobiliario e calquera outro elemento da terraza nos períodos en que esta careza de autorización para o seu funcionamento.

Os establecementos que teñan autorizada a instalación de terraza para todo o ano deberán recoller o material ao rematar a xornada laboral, de xeito que non entorpeza o uso do espazo público.

ARTIGO 22. MATERIAL

En todo caso, o Concello supervisará e autorizará o mobiliario para instalar na terraza.

É obriga do Concello establecer por zonas o tipo de mobiliario para empregar. (Ver o anexo correspondente.)

SECCIÓN 2ª. NORMAS ESPECÍFICAS

*ARTIGO 23. PARASOLES, TOLDOS, MAMPARAS, SOPORTES PARA MENÚS/CARTAS***A) Parasoles**

1. Serán de estrutura resistente e desmontables, para o cal se colocará neles unha peza que garanta a súa estabilidade e a súa resistencia aos ventos. Non poderán superar o espazo de ocupación que teña concedido o titular da autorización.

2. Non se permitirán os parasoles ancorados ao pavimento e a súa altura máxima será de 3 metros, medidos desde o chan ata a parte superior deste.

3. Os parasoles deberán cumprir co art. 20, en canto á publicidade.

B) Toldos

1. Serán de estrutura resistente e repregable. Non poderán superar o espazo de ocupación que se teña concedido na autorización. Deberán ter unha soa tonalidade de cor.

2. Terán unha altura mínima, despregados, de 2 metros. Deberán deixar un mínimo de 1,20 metros para o paso dos viandantes. Quedan prohibidos os faldróns laterais que obstaculizan o paso e a visión dos viandantes.

3. Os toldos deberán cumprir co art. 20, en canto á publicidade.

C) Mamparas

1. Estarán construídas con perfilería de aceiro e os paramentos serán de cristal resistente ou metacrilato transparente.

2. A súa altura máxima será de 1,80 metros. A ancoraxe ao chan levarase a cabo por medio de tinteiros. Estes non poderán sobresaír da superficie do chan e necesitarán a aprobación específica da Oficina Técnica Municipal.

3. As mamparas deberán cumprir co art. 20 no tocante á publicidade.

D) Soportes para Menús/Cartas

1. Só se poderán instalar os autorizados por esta ordenanza no anexo III. Poderase elixir entre un soporte apoiado á fachada do establecemento ou ben un soporte de pé no espazo da propia terraza.

2. Non poderán ir ancorados ao chan. Nunca entorpecerán o paso dos viandantes. Non se poderán situar noutro lugar que non sexa a propia terraza do establecemento.

3. Estes soportes deberán cumprir co art. 20 en canto á publicidade.

En ningún suposto se permitirá a instalación, en espazo público, de calquera dos elementos xa mencionados ou outros de xeito que poidan dar lugar a unha estrutura pechada, adosada ou non ás pareces do local principal.

TITULO IV**CAPÍTULO I. INSPECCIÓN, RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR****ARTIGO 24. INSPECCIÓN**

1. Os axentes da Policía Local e os inspectores municipais serán competentes para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.

2. As actas ou denuncias que realicen terán valor probatorio nos procedementos aos que se incorporen segundo o disposto no artigo 137.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 25. COMPATIBILIDADE

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos datos e prexuízos causados.

ARTIGO 26. RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE. INSTALACIÓNS SEN AUTORIZACIÓNS.

As instalacións suxeitas a esta ordenanza que se implantan sobre terreos de dominio público municipal, sen a preceptiva autorización, serán retiradas de modo inmediato polos servizos municipais sen máis aviso que a notificación verbal ou escrita ao interesado da orde ditada polo alcalde.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO SANCIONADOR**ARTIGO 27. DENUNCIA**

Toda persoa, natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello calquera infracción da presente ordenanza.

*ARTIGO 28. INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S

1. As infraccións dos preceptos destas ordenanzas serán sancionadas por resolución do alcalde, con multas graduables dentro dos límites sinalados nesta ordenanza, así como na lexislación vixente, sen prexuízo da esixencia das demais responsabilidades administrativas e patrimoniais ás que desen lugar, incluída a execución subsidiaria a costa do obrigado.

2. A imposición de sancións requirirán a instrución previa do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedementos regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 29. INFRACCIÓNS

Constitúen infraccións a esta ordenanza os actos ou omisións tipificados como leves, graves ou moi graves dentro do expediente sancionador, de conformidade co disposto nos artigos seguintes.

ARTIGO 30. INFRACCIÓNS LEVES

1. Constitúen infraccións leves, que se sancionarán cunha multa de entre 100 e 250 euros, as seguintes condutas:

- A instalación ou a utilización de mesas, cadeiras, parasoles ou outro mobiliario de características distintas ás autorizadas.
- A instalación de elementos permitidos por esta ordenanza se non foron autorizados ou se teñen características diferentes ás permitidas ou se sitúan cunha disposición distinta á permitida na autorización concedida.
- A instalación ou utilización de mesas, cadeiras, parasoles ou outro mobiliario en número superior ao permitido sen ocupar máis espazo que o sinalado na autorización.
- A instalación de mobiliario ou elementos que non cumpran coas condicións de seguridade, hixiene ou ornato.
- A realización de ancoraxes no chan, salvo nos casos permitidos.
- A non recollida das mesas, cadeiras e demais elementos cando finalice o horario de utilización, coa salvidade do artigo 21.
- A colocación de soportes para cartas ou menú fóra do lugar que ocupa a propia terraza para a que se ten autorización.
- O non ter exposto no local e en lugar visible o documento que acredite o outorgamento da autorización.

2. A comisión de tres infraccións leves no período dun ano levará aparellada a suspensión da autorización por un mes.

ARTIGO 31. INFRACCIÓNS GRAVES

1. Constitúen infraccións graves, que se sancionarán con multa entre 250 e 500 euros, as seguintes condutas:

- A ocupación superior á autorizada cando non se dean os requisitos para considerala infracción moi grave.
- O amoreamento ou almacenaxe do mobiliario en espazos públicos, incluso no autorizado para a instalación da terraza, coa salvidade prevista no artigo 21.
- A realización na terraza de actividades non permitidas ou sen a autorización necesaria, cando non cause prexuízos nin para a seguridade nin para a tranquilidade públicas.
- Causar danos no dominio público, cando non constitúan infraccións moi graves.
- O incumprimento das normas e restricións específicas de horarios de terrazas establecidas nesta ordenanza.

2. A comisión de tres infraccións graves, no período dun ano, levará aparellada a suspensión da autorización por período de 6 meses.

ARTIGO 32. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

1. Constitúen infraccións moi graves, que se sancionarán cunha multa de 501 a 1.000 euros, as seguintes condutas:

- A instalación de terrazas sen autorización.
- A instalación de terrazas pechadas, con obra ou instalacións desmontables ou non, salvo que contén coa concesión ou título habilitante específicos suficientes.

2. A comisión dunha infracción moi grave levará aparellada a perda definitiva da autorización.

ARTIGO 33. DETERMINACIÓN DA MULTA PROCEDENTE EN CADA CASO

Para determinar a contía da multa aplicable a cada infracción, dentro do mínimo e do máximo correspondente ás infraccións leves, graves e moi graves, observarase o principio de proporcionalidade. Atenderase a cantos criterios sirvan para pór de manifesto a antixuridicidade da conduta e, en especial, os seguintes:

- A existencia ou non de intencionalidade.
- Cando causen un prexuízo grave para os intereses xerais.
- O beneficio obtido coa comisión da infracción.
- O tempo durante o que se cometeu a infracción.
- A reincidencia na comisión de infraccións.

ARTIGO 34. PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións e sancións previstas nesta ordenanza prescribirán segundo o disposto no artigo 132 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 35. RECLAMACIÓN DAS TAXAS

En todos os supostos de ocupación, sen autorización ou superando os termos desta, ademais da aplicación das medidas oportunas, procederase a liquidar e a esixir as taxas non pagadas correspondentes ao período no que se produciuse o aproveitamento do dominio público. Seguirase o establecido na ordenanza fiscal, a lexislación de facendas locais e demais lexislación tributaria. De ser o caso, imponranse as sancións tributarias que resulten pertinentes.

A taxa aboada pola ocupación ou por superar os termos da autorización esixida na reclamación non exime do axuste da terraza ao disposto nesta ordenanza. De non ser así, procederase á súa retirada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Desde a publicación da presente ordenanza, darase un prazo de 5 anos para a procedente adaptación do mobiliario e demais elementos das terrazas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Tras a súa entrada en vigor, quedan derogados cantos preceptos de anteriores ordenanzas e normas locais se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no BO da provincia e conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I. LOGOTIPO DO CONCELLO DO GROVE
PODERASE DESCARGAR DA WEB WWW.CONCELLODOGROVE.COM



ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS

SOLICITANTE

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono/ Móbil

REPRESENTANTE (se é o caso)

Apelidos	Nome	DNI/NIF/NIE/Tarxeta residencia
Enderezo	Localidade	Correo electrónico
Establecemento	Código Postal	Teléfono / Móbil

EXPOÑO:

<ol style="list-style-type: none"> 1. Que desexo instalar unha terraza anexa ao establecemento de hostalaría que rexento. 2. Que achego a declaración sobre a licenza de actividade do local á que se refire o apartado anterior. 3. Que solicitei a licenza de actividade, pero aínda non está resolta. Declaro por ese motivo que a data en que solicitei a licenza de actividade foi.....Achego unha copia desa solicitude. 4. Que a extensión en metros cadrados da terraza pretendida é de 5. Que o número de unidades de mobiliario e demais elementos para instalar é de 6. Que os días para os que solicito esta autorización son os seguintes (marcados nun calendario do ano en curso): 7. Que achego unha fotografía da fachada do local e do espazo exterior, onde se instalaría a terraza. 8. Que achego un plano acoutado da superficie para ocupar pola terraza a escala 1:100. Especificará os elementos da terraza, o espazo libre para o paso, o ancho da beirarrúa, as franxas de itinerario peonil, as distancias ás fachadas e bordos, arquetas e outras acometidas ou mobiliario urbano. 9. Que achego fotografías dos elementos que se instalarán. 10. Que achego o proxecto da publicidade que irá gravada no mobiliario da terraza. 11. Que achego o xustificante de pagamento do recibo por instalación de terraza do ano anterior, se contei con esta instalación.
--

Por todo iso, SOLICITO:

Que se teña en conta o exposto para a autorización dunha terraza no meu establecemento.

Data	Sinatura do/a solicitante ou representante
O Grove, de de 20	

SR./A. ALCALDE/SA DO ILMO. CONCELLO DO GROVE

- (1) Deberá achegar unha fotocopia do documento de identidade de quen solicita/n.
- (2) No caso de actuar en representación, fotocopia dos documentos de identidade do/a representante e do/a solicitante, coa autorización escrita deste/a ou unha copia do poder para representalo/a. Se quen solicita é unha sociedade, débese achegar a súa escritura de constitución.

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello do Grove relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO III. MOBILIARIO*INSTALACIÓN DE TERRAZAS NOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA DO GROVE*

Co obxecto de facilitar a adecuación de todos os establecementos a esta ordenanza establécense dúas opcións para o mobiliario e cada unha destas opcións terá distintas variables.

Preténdese con esta ordenanza unha adaptación progresiva dando un amplo prazo para elo. Deste xeito acadarase unha considerable mellora na estética e ornamento das nosas rúas e prazas o que redonda nunha harmonía apreciable pola veciñanza e os visitantes que se achegan ata O Grove.

O mobiliario a utilizar nas terrazas atenderá aos dous seguintes modelos (ver as fotografías deste Anexo):

MODELO A

- O material de mesas e cadeiras será a resina, seguindo os modelos deste anexo.
- A gama de cores posibles son: granate, azul, verde e madeira.
- As cadeiras deberán ser “apilables”

MODELO B

- As cadeiras terán a estrutura de aluminio con asento e respaldo forrado en rattan.
- Poden instalarse cadeiras simples ou ben cadeiras con brazos.
- A cor poderá ser moka ou chocolate.
- As mesas terán medidas semellantes ás que corresponden ao Modelo A e os materiais a utilizar poden combinar o aluminio, aceiro, taboleiro compacto ou madeira, tanto na estrutura coma nas tapas.

PARASOLES

- A estrutura será en madeira ou imitación á madeira.
- As medidas serán dun máximo de 300 cm de altura total.
- A cor elixida é a crúa.
- As bases de ancoraxe dos parasoles deberán ser suficientes para garantir a súa seguridade.

SOPORTES PARA CARTAS/MENÚS

- Cabe a elección entre dous modelos:
- Soporte no ámbito da terraza, segundo o modelo da fotografía que se achega.
- Soporte apoiado na parede da fachada propia do establecemento ao que pertence a terraza (do mesmo deseño da anterior).

MODELO A

Mesa de resina (pequena)



Granate



Azul



Verde



Madeira

MODELO A

Mesa de resina (Grande)



Granate



Azul



Verde



Madeira

MODELO A

Mesa de resina (Grande)



MODELO A

Mesa de resina (Grande)





MODELO A

Cadeira de resina



Granate



Azul



Verde



Madeira



MODELO A

Cadeira de resina



Granate



Azul



Verde



Madeira

MODELO B

Cadeira de Brazos



- Estructura de aluminio
- Asiento y respaldo rattan
- Color moka
- Apilable

MODELO B

Cadeira



- Estructura de aluminio
- Asiento y respaldo rattan
- Color moka
- Apilable

MODELO B



- Cadeira**
- Estructura aluminio
 - Rattan sintético
 - Color chocolate
 - Apilable



- Base con asa y ruedas
- Granito-Inox
- Peso: 40 Kg



- Base con asa y ruedas
- Granito-Inox
- Peso: 40 Kg



Parasol de Madeira ou imitación.

- Medida parasol 300 cm
- Color crudo



O Grove, 31 de xullo de 2013.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2013007364

* * *